

Á atención de:

TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Data:

22.11.17

O Instituto Leiras Pulpeiro acolle unha charla de Inés Fernández, dentro das actividades de *En negro contra a violencia*

A autora do libro *As miñas fillas devolvéronme a vida* impartirá esta conferencia este mércores 22 de novembro ás 19:30 horas, na Biblioteca deste instituto, organizada pola ANPA deste centro educativo

O IES Leiras Pulpeiro acollerá este mércores 22 de novembro ás 19:30 horas, na Biblioteca deste instituto, unha charla de Inés Fernández, autora do libro *As miñas fillas devolvéronme a vida*, organizada pola ANPA deste centro educativo co gallo das actividades polo Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Ademais, o xoves terá lugar unha conferencia a cargo da xefa da Oficina de Violencia sobre a Muller.

Este instituto, xunto outros centros educativos da cidade, participan na campaña *En negro contra a violencia*, á que se sumou o Concello. Os obxectivos desta campaña pasan por fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no eido municipal a través da coordinación entre concellos de diferentes cores políticas, ademais de implicar ao tecido asociativo, económico, cultural, educativo e social como forma de resposta colectiva ante as violencias.

O uso de materiais específicos da campaña por parte da cidadanía, establecementos comerciais e axentes sociais axudará a identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás da violencia de xénero.

Un saúdo
GABINETE DE COMUNICACIÓN